

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A ASOCIACIÓN DE LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES RENAI DE A CORUÑA PARA A CESIÓN DE DATOS DAS TARXETAS DE DOANTE DE ÓRGANOS E TECIDOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos teñen previsto formalizar coa Asociación de loita contras as enfermidades renais de A Coruña (ALCER) o instrumento convencional arriba referido, por un período máximo de vixencia de catro anos, contados a partir do día da súa sinatura, e con posibilidade de prórroga por outros catro anos mais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións, requisitos e procedementos polos que se debe rexer a cesión, por parte de ALCER e con destino á Consellería de Sanidade, dos datos das persoas que solicitan a tarxeta de doante de órganos e tecidos, e recabados pola devandita asociación. A referida cesión levarase a cabo en todo caso sempre que medie consentimento expreso da persoa doadora, debendo ser empregados os datos cedidos única e exclusivamente para as finalidades determinadas no convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Asociación de loita contra as enfermidades renais de A Coruña ten como obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade renal e dos seus familiares. Ademais, desenvolve unha serie de actividades que teñen como obxectivo a

sensibilización da sociedade en relación á doazón e o transplante de órganos e tecidos. Como parte desas actividades, ALCER elabora folletos informativos propios ou impresos coa finalidade de facilitar a doazón das persoas que voluntariamente o soliciten.

Pola súa banda a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos constituíuse como unha axencia pública autonómica, adscrita á consellería competente en materia de sanidade a través da dirección xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde, cuxo fin é, entre outros, actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a coordinación de transplantes de órganos. Neste sentido, unha das competencias recoñecidas no seus estatutos é a de conseguir as doazóns voluntarias, altruístas e anónimas de órganos necesarios para cubrir as necesidades de transplante dos/das doentes galegos/as, no marco dos obxectivos e criterios de coordinación da Organización Nacional de Transplantes. A Área de Órganos, Células e Tecidos da axencia é a responsable de manter os rexistros de doadores de órganos, das tarxetas de doadores de órganos e do rexistro de enfermos e enfermas renais, entre outros, así como de informar e promover a doazón voluntaria de órganos e tecidos. Con carácter xeral, as persoas que solicitan a tarxeta de doante poden facelo a través da páxina web de ADOS, da páxina web do Sergas, ou cubrindo un folleto informativo elaborado pola propia axencia e distribuído aos centros de saúde e ás asociacións de enfermos que o soliciten.

Figura tamén como parte no convenio a formalizar a Consellería de Sanidade, en tanto que responsable do Sistema de Información de Saúde de Galicia, de acordo co sinalado no artigo 71 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Así pois, a finalidade do presente convenio é artellar a cesión de datos de carácter persoal para incorporar os datos dos solicitantes da tarxeta de doante de órganos e tecidos a través de ALCER no Rexistro Galego de Doantes de Órganos e Tecidos e a emisión conseguinte da tarxeta de doante. A tal efecto cómpre significar que o tratamento e as comunicacións de datos de carácter persoal que se leven a cabo deberán respectar as previsións contidas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello,



do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, que adapta a nosa lexislación nacional ao referido no Regulamento europeo.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

(P.A. art. 6.1.c) Decreto 41/2013, do 21 de febreiro)

O vicesecretario xeral

Ramón Martínez Blanco

